

Resolución reitoral 07 de febreiro 2025, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas para a iniciación á investigación no marco do Convenio de Colaboración entre a USC e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, polo que se regula o Campus de Especialización Campus Terra.

Advertido erro na Resolución do 07 de febreiro de 2025, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas para a iniciación á investigación no marco do Convenio de Colaboración entre a USC e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, polo que se regula o Campus de Especialización Campus Terra., procédese a corrección de erros:

ONDE DI:

Cláusula CUARTA, punto dous:

2. Poderán acceder á consideración de beneficiarios as persoas físicas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado no curso 2024-2025 en ensino oficial da totalidade das materias ou créditos que lle resten para finalizar os seus estudos dun Grao que se imparta no Campus Terra e ter superado o 75 por cento da carga lectiva da súa titulación.
- b) Estar matriculado no curso 2024-2025 en ensino oficial da totalidade dos créditos dun mestrado."

Cláusula SEXTA, punto 3:

3. Os documentos que deberán achegar son:

- a) Xustificante de estar matriculado no curso 2024/2025 dun grao no que consten as cualificacións obtidas e con expresión da nota media en base 10 obtida nos estudos oficiais que estea cursando a persoa solicitante.
- b) Xustificante no caso de estar matriculado nun máster oficial da USC correspondente ao curso 2024/2025 [...]

DEBE DICIR:

Cláusula CUARTA, punto dous, onde pon:

2. Poderán acceder á consideración de beneficiarios as persoas físicas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado no curso 2024-2025 en ensino oficial da totalidade das materias ou créditos que lle resten para finalizar os seus estudos dun Grao que se imparta no Campus Terra e ter superado o 75 por cento da carga lectiva da súa titulación.
- b) Estar matriculado no curso 2024-2025 en ensino oficial da totalidade dos créditos dun mestrado impartido no Campus Terra. No caso dos mestrados que posúan unha duración superior a un curso académico, debera estar matriculado na totalidade dos créditos dun dos cursos que conforman a titulación".

Cláusula SEXTA, punto 3:

3. Os documentos que deberán achegar son:

- a) Xustificante de estar matriculado no curso 2024/2025 dun grao impartido no Campus Terra no que consten as cualificacións obtidas e con expresión da nota media en base 10 obtida nos estudos oficiais que estea cursando a persoa solicitante.
- b) Xustificante no caso de estar matriculado nun máster oficial da USC **impartido no Campus Terra** correspondente ao curso 2024/2025 [...]

O Reitor

Antonio Díaz Lopez

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
14/02/2025 00:25:41.

CSV: 9B8D-F5C0-4F36-B4CD